

## Concellos

CARLOS G. HERVELLA



FOTO CEDIDA POLA IXP CASTAÑA DE GALICIA



Imaxe do pleno do Consello Regulador da IXP Castaña de Galicia en Chantada.

*A praga da avispiña do castiñeiro na península é seguida con preocupación polo sector galego*

## “Este é un problema que nos vai afectar a todos”

ÁNGELES RODRÍGUEZ

A praga da avispiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*) continúa estendéndose pola península. Ademais de ser detectada en Cataluña, Cantabria ou Andalucía, tamén se descubriu en Barcelos (Portugal), onde ten infectadas unhas 10 hectáreas. Esta

Souto de castiñeiros ourensáns.

situación vívese con moita preocupación dende o sector galego do castiñeiro, que teme as graves consecuencias da chegada deste insecto aos soutos da comunidade.

O asunto abordábase no pleno que o Consello Regulador da Indicación Xeográfica (IXP) Castaña de Galicia celebraba na tarde do 12 de xuño en Chantada (Lugo), ao que asistía como convidado o secretario xeral de Montes, Tomás Fernández-Couto.

“Hai moita preocupación en Galicia pero tamén noutras comunidades españolas e así se poñía de manifesto na reunión da mesa estatal do castiñeiro que tivemos a finais de maio. Necesitamos coordinarnos e ter en conta as medidas que están funcionando noutros países que levan afectados por esta praga dez ou doce anos, como pode ser Italia. Imos empezar polo que están facendo eles agora e que lles está resultando efectivo para tratar de erradicala. Este non é un problema só de Galicia, de Andalucía ou de Portugal, é un problema que nos vai afectar a todos, debemos combatilo entre todas as comunidades da mellor maneira posible e coordinadamente”, explicaba tras o pleno o presidente da IXP Castaña de Galicia, Jesús Quintá.

A medida que mellor está funcionando contra esta praga en Italia e Francia é a loita biolóxica con outro insecto: o *Torymus sinensis*. “Polo de agora é o único que demostrou ser efectivo. É un depredador da avispiña que fai retroceder a praga”, continúa Quintá, quen tamén destacaba que a Consellería do Medio Rural está ao corrente da situación “e traballando na boa dirección neste tema. Están en alerta e preocupados porque pode supoñer un problema moi grave para o

sector, xa que pode acabar con boa parte da produción galega de castaña”.

Da mesma maneira se manifestaba o valdeorrés Francisco Barredo, tamén membro da IXP Castaña de Galicia e presidente da Asociación de Produtores e Exportadores de Produtos Agrosilvestres de Galicia (Proagrosilga). “O secretario xeral de Montes trasladounos que a consellería está sensibilizada e que van comezar coa cría de *Torymus*. Teñen que criar o insecto e tamén realizar unha serie de probas neste ano para comprobar que non resulte dañino para outras especies autóctonas. Entón, unha vez fagan as probas, estarían dispostos a soltalo. Isto é unha boa noticia”. O responsable de Proagrosilga tamén ten previsto participar o 30 de xuño nunha xuntanza do sector español do castaño co Ministerio de Agricultura para analizar as medidas para afrontar a praga.

Por outra banda, no pleno celebrado o 12 de xuño en Chantada, a IXP Castaña de Galicia tamén analizaba a problemática do intrusismo. “Nestes dous últimos anos notamos que cada vez hai máis comercialización ilegal e isto está perxudicando a todo o sector”, indicaba Jesús Quintá. Na xuntanza tamén se trataron as campañas de promoción que vai desenvolver o sector.

CARLOS G. HERVELLA



Porta que dá acceso ao interior da Torre do Castro.

## A torre da fortaleza do Castro (O Acollerá actividades d

A.R.

Os restos da antiga fortaleza medieval do Castro (O Barco) ábranse ao público. Os primeiros en visitala eran os participantes no “Camiño das Covas do Castro”, que se celebraba na tarde do 28 de xuño. Puideron descubrir a estrutura interior desta torre, tras

unha rehabilitación realizada grazas ao programa do 1% cultural do Ministerio de Fomento. Ademais da recuperación desta construción (declarada Monumento Nacional dende 1949), procedeuse a instalación de paneis informativos e explicativos que permiten comprender a historia e características do lugar.

Este entorno será asemade o escenario escollido para pechar a segunda edición do festival “De